


Caderno de actividades do Tema 4. Parte 1 – O renacer das cidades

1. Observa as imaxes e explica que tipo de innovación agraria se representa en cada unha e as vantaxes que presenta:

A)



B)




C)



2. Cal é a causa do aumento da poboación europea dende o s. XI? Que efecto tivo dito crecemento da poboación?


3. Observa a gráfica e responde:



- a. Cal era a poboación europea en torno ós anos 1000-1050? E en torno ó 1300?
- b. Que cres que se representa entre os anos 1000 e 1300?
- c. Que representa a gráfica entre os anos 1300 e 1450? A que cres que pode deberse?

4. Contesta ás seguintes cuestións sobre a morfoloxía das cidades medievais:

- a. Que teríamos que facer para identificar o núcleo medieval dunha cidade ou vila sobre un plano? En que teríamos que fixarnos?
- b. Identifica sobre a seguinte imaxe onde cres que se atopa o núcleo medieval desta cidade.
Razoa a túa resposta, comparando os restos da cidade medieval coa súa contorna.



5. Fíxate ben no mapa e responde ás cuestións:



- Identifica que representa e ponlle un **título** a este mapa.
- Por que aparece **destacada** a rexión francesa de **Champagne**? En que lugares se celebraban feiras dentro desta rexión?
- En que **consistían feiras** como as representadas na imaxe?
- En que lugar da **Península Ibérica** se celebraba unha importante feira? E en **Italia**?

6. Responde ás cuestións sobre o comercio marítimo:

- Cal era o medio de transporte predominante no comercio a longa distancia? Por que?
- Sitúa sobre o seguinte mapa estas cidades: Lisboa, Bilbao, Nápoles, Marsella, Bruxas, Cádiz, Venecia, Barcelona, Xénova, Constantinopla.



- c. Con cal ou cales das dúas rutas comerciais a longa distancia estaban conectadas esas cidades?

7. Le atentamente o texto e explica que información nos ofrece sobre o oficio dos artesáns medievais (mínimo 5 liñas).

“Ningún pode ser tecelán de la sen antes lle ter mercado ao rei o **permiso** para exercer o oficio (...). Cada un pode ter no seu **obradoiro** dous teares (...) cada fillo de mestre tecelán pode ter dous na casa do seu pai mentres estea solteiro (...). Cada **mestre** pode ter na súa casa un aprendiz, non máis (...). E ningún debe empezar a traballar antes de que saia o **sol**, so pena dunha **multa** de doce diñeiros para o mestre e seis para o oficial (...). Os **oficiais** deben deixar o traballo desde que o primeiro toque de vésperas soase.” E. BOILEAU. Libro dos oficios, 1268.

8. Responde ás cuestións sobre a crise do século XIV.

- a. Realiza un esquema no teu caderno coas tres causas principais da crise do século XIV (guerras, fame e peste).
- b. A Guerra dos Cen Anos foi un conflito entre que dous países europeos? Por que motivo?
- c. Busca en Internet información sobre Xoana de Arco e a súa actuación na Guerra dos Cen Anos.

9. Le o texto sobre a Peste Negra e, consultando os apuntamentos se o precisas, responde ás cuestións:

A Peste Negra de 1348, segundo as "Vitae Paparum Avenionensium":

"En el año del señor de **1348** se difundió por casi toda la **superficie del globo** una horrible **mortandad**. No se había conocido nada semejante. Los vivos **apenas eran suficientes para enterrar a los muertos**. Se apoderó de todo el mundo un **terror** tan grande que en cuanto alguien tenía una úlcera o un pequeño **bulto**, generalmente en la ingle o en el sobaco, la víctima era **abandonada** incluso por sus familiares. Si en una casa alguien contraía la enfermedad, era probable que todos los que habitaban allí fuesen contaminados, y que todos muriesen. Corrió el **rumor** de que algunos criminales, y en particular los **judíos**, echaban en los ríos y en las fuentes venenos. En realidad, la peste provenía de las constelaciones o de la **venganza divina**".

- a) Como chegou a peste a Europa? Cando chegou?
- b) Por que crían que se producía a enfermidade?
- c) Que a producía, en realidade?
- d) Cales eran os síntomas desta enfermidade?
- e) Como cambiou o pensamento e o modo de ver a vida neste momento?
- f) Por que cres que ao mesmo tempo houbo fame e malas colleitas?